

Referencia:	2023/6857P
Procedemento::	Procesos de selección de personal funcionario interino o laboral temporal mediante procedimiento ordinario
Interesado:	
Representante:	

**PROBAS SELECTIVAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE NOMEAMENTOS INTERINOS DA CATEGORÍA DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO C1) AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE**

**ACTA 4 DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS CONTRA A VALORACIÓN DE MÉRITOS**

Na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, ás 16:00 horas do día 16 de novembro de 2023, procédese á constitución do tribunal que xulga o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de nomeamentos interinos da categoría de administrativo/a de Administración xeral (subgrupo C1) ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, segundo bases aprobadas por Resolución da Presidencia do 03 de maio de 2023 e publicadas no BOP do día 15 de maio de 2023.

Estando presentes os membros do tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quorum, queda constituído na seguinte forma:

Presidente: don Manuel Pérez Nieto

Vogais: dona Mónica Legaspi Díaz, dona Adamantino Barreiro Garcia, dona María Isabel Rodríguez Carrera e don Esteban Fernández Álvarez

Secretaria: dona María Ángela Garrido Movilla

Por parte da Presidencia expónse que o obxecto desta sesión é proceder á resolución de alegacións contra a valoración de méritos realizada o 27 de outubro de 2023, cuxa acta

foi publicada o 30 de outubro de 2023, finalizando o prazo de reclamacións o 14 de novembro de 2023.

Con data de 02 de novembro de 2023 e rexistro de entrada número 2023049456 dona Olaya Román Sánchez, presenta escrito co seguinte contido literal:

*“Segundo o proceso aberto con nº de expediente 2023/6857P para o procesos de selección de personal funcionario interino o laboral temporal mediante procedimientoo ordinario*

*SOLICITA, se teña en conta a baremación adxunta para a corrección de erros*

*...adxunto cadro resumo sobre a puntuación en formación que considero debería ter en relación a os cursos remitidos e os puntos que me corresponden.*

	<i>N.º HORAS</i>	<i>PUNTOS</i>
<i>Nivel Intermedio de Inglés</i>	<i>260</i>	<i>1</i>
<i>Máster en Economía Social y dirección de Entidades sin ánimo de Lucro</i>	<i>460</i>	<i>1</i>
<i>Máster de Prevención de riesgos Laborales (P.1)</i>	<i>610</i>	<i>1</i>
<i>Máster de Prevención de riesgos Laborales (P.2) OHSAS</i>	<i>300</i>	<i>1</i>
<i>Experto en xestión fiscal</i>	<i>200</i>	<i>1</i>
<i>Excel avanzado</i>	<i>50</i>	<i>0,5</i>
<i>Base de datos Access</i>	<i>50</i>	<i>0,5</i>
<i>Auditoría y Contabilidad</i>	<i>80</i>	<i>0,75</i>
<i>Asesora Laboral</i>	<i>60</i>	<i>0,75</i>
<i>Mediador en Inserción Laboral</i>	<i>60</i>	<i>0,75</i>
<i>Plans de saneamento económico financiero e de axuste nas EL</i>	<i>30</i>	<i>0,5</i>
<b><i>TOTAL</i></b>		<b><i>8,75</i></b>

En relación a cada unha das cuestións plantexadas, o tribunal acorda motivadamente o seguinte:

- Curso Nivel Intermedio de inglés, 260 horas, **xa foi valorado con 1 punto.**
- Máster en Economía Social e dirección de Entidades sin ánimo de lucro, 460 horas, non se pode considerar un curso relacionado coas funcións a desenvolver segundo as bases reguladoras, polo que **non é baremable.**
- Máster de Prevención de Riesgos laborales (P.I), 610 horas, **xa foi valorado con 1 punto.**
- Máster de Prevención de riesgos Laborales (P.2) OHSAS, 300 horas, **xa foi valorado con 1 punto.**
- Experto en xestión fiscal, 200 horas, **xa foi valorado con 1 punto.**
- Excel avanzado, 50 horas, **xa foi valorado con 0,5 puntos.**
- Base de datos Acces, 50 horas, **xa foi valorado con 0,5 puntos.**
- Auditoría y Contabilidad, 80 horas, impartido por World Intern.. Servicese organizado a través da Fundación Tripartita para a formación e o emprego. Para a valoración dos cursos, teñen que ser impartidos por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, polo que esta acción formativa **non é baremable.**
- Asesora laboral, impartido pola Academia Orjáviz. Non é un curso impartidos por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, polo que esta acción formativa **non é baremable.**
- Mediador en Inserción Laboral, 60 horas, coa denominación de “Las TIC en el proceso de enseñanza y aprendizaje y prácticas en medidor en inserción laboral, impartido por Radio ECCA Fundación canaria, entidade que non é unha das entidades consideradas como impartidoras para a valoración, polo que non **non é baremable.**
- Plans de saneamento económico financiero e de axuste nas EL, 30 horas, **xa foi valorado con 0,5 puntos.**
- Celga 4, ao ser un nivel de coñecemento de lingua galega superior ao esixido para esta convocatoria, outorgóuselle unha valoración equivalente ao cursos de duración comprendida entre 60 a 99 horas, **valorado con 0,75 puntos.**

Por todo isto, o tribunal acorda unánimemente, manter á puntuación total de 6,25 puntos outorgada na valoración de méritos.

O tribunal cualificador acorda, por unanimidade, elevar a definitivas as puntuacións publicadas na valoración de méritos do 27 de outubro de 2023.

E ás 17:00 horas, dáse por finalizado o acto, asinando os que interveñen. Dou fe.